

BANDO INFORMATIVO USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA DENDE O 19 DE XULLO

En relación á RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre **medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.**, esta Alcaldía,

INFORMA

PRIMEIRO. A partires de mañá, día 19 de xullo de 2020, **o uso de máscara é obrigatorio por parte das persoas maiores de 6 anos en todo momento, tanto na vía pública como en espazos ó aire libre, como en espazos de uso público ou abertos ó público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.**

A tales efectos, entenderase cumprida esta obriga mediante o uso de calqueira tipo de máscara, preferentemente **hixiénicas e quirúrxicas, que cubran dende o tabique nasal ata o queixo, incluído.**

SEGUNDO. Non será obrigatorio o uso de máscara, entre outros, nos seguintes supostos:

- a) Persoas que presenten algún tipo de **enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso de máscara**, ou que, por situación de **discapacidade ou dependencia**, non dispoñan de autonomía para quitala, ou presenten **alteracións de conduta** que fagan inviable a súa utilización.
- b) Nos **vehículos de turismo**, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.
- c) Nas **praias e piscinas, durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado**, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre tódalas persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será **obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas.**
- d) Nos **establecementos de hostalaría e restauración**, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente no **momento específico do consumo.**

- e) No **interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico** e outros espazos similares, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no cuarto.
- f) No caso de **exercicio de deporte individual ao aire libre**, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de dous metros con outras persoas non conviventes.
- g) No caso de **actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos**, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersonal en todo momento, exclusivamente durante a realización das ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para a dita instalación.
- h) En supostos de **forza maior ou situación de necesidade** ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

TERCEIRO. Nos **espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado**, recoméndase o uso de máscara, no caso de **reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes**, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Para información ampliada e acceso á normativa, podes consultar a páxina web do Concello de Viana do Bolo (www.vianadobolo.gal).

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 18 de xullo de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.